


PRÁCTICO 09. Interpretación do mapa do tempo, en especial se fai referencia a DANAs, vagas de calor africano, temporais do suroeste, anticiclóns térmicos invernaís de intensas néboas, advección do oeste, anticiclón de verán...

PREGUNTA 01/09



- Nomee 2 provincias españolas afectadas polas altas presións e 2 afectadas polas baixas presións.
- Comente o documento seguindo as seguintes cuestións:
 - Identifique o tipo de documento
 - As figuras isobáricas, frontes e a localización –a grandes trazos- dos mesmos.
 - Situación meteorolóxica e tipos de tempo que cabe esperar nas comunidades de Galicia e de Canarias, significando as diferenzas de temperatura, humidade e precipitación

09. Novas de fenómenos meteorolóxicos adversos.

PREGUNTA COMPETENCIAL 01/09.: A SUSTENTABILIDADE DO MEDIO FÍSICO EN ESPAÑA. (2,5 puntos) Analice a seguinte nova: (único exemplo real de pregunta competencial do que dispoñemos)

Clima y Medio Ambiente

CAMBIO CLIMÁTICO · MEDIO AMBIENTE

EMERGENCIA CLIMÁTICA >

Crisis climática en España: las olas de calor se vuelven más intensas y los récords de calor diario se disparan

Aemet rastrea los impactos del calentamiento global en 2023, el segundo año más cálido registrado hasta ahora en el país

Non só é que as **vagas de calor** en España sexan **cada vez máis duradeiras** -están medrando a un ritmo de tres días por década -e **extensas**- de media, afectan a tres provincias máis cada 10 anos-. Tamén están gañando en intensidade: 0,27 graos Celsius cada década, segundo o Informe sobre el Estado del Clima en España 2023, elaborado pola Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET). (...) E o protagonista principal desta historia é o **cambio climático**, que está facendo que medren as temperaturas medias e algúns extremos meteorolóxicos, como son as vagas de calor, pero tamén a acumulación de récords diarios de calor e as altísimas temperaturas do mar. (...) “os **10 anos máis cálidos da serie histórica**” **déronse no século XXI en España**. “Isto non é casual, este quecemento obsérvase en todo o planeta”, apunta o voceiro de AEMET. E está impulsado “fundamentalmente polo cambio climático” **xerado polo ser humano coas súas emisións de efecto invernadoiro**.

(EL PAIS 30/05/2024, adaptado)

Hai un sector da opinión pública que sostén que os veráns en España sempre foron calorosos polo que estas vagas de calor non deberían dar lugar a ningún tipo de alarmismo. Lendo o titular e o contido da nova, **elabore unha resposta argumentada** na que, partindo dalgunhas características xerais indiscutibles sobre o verán na área mediterránea, introduza novas consideracións que nos levan a un escenario de emerxencia climática. Nesta **resposta debe afondar nas razóns da frecuencia das vagas de calor indicando a relación entre o quecemento global, o cambio climático e a actuación humana**. (2,5 puntos)

PREGUNTA COMPETENCIAL 02/09 A diversidade climática e a vexetación : factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España. (2,5 puntos) Analice a seguinte nova:

Una nueva DANA y una masa de aire polar marcarán el tiempo de los próximos días

As **temperaturas descenderán** en todo o país e as **mínimas caerán por debaixo dos 10 °C**, deixando un **panorama de pleno outono**. Segundo as previsións do portal Meteored, o próximo martes **illarase unha pequena DANA** ao oeste de Portugal que cruzará o sur da Península e, a continuación, aparecerá un **ramal descendente do chorro polar** que será «moi intenso» e favorecerá a formación dunha **borrasca no golfo de Xnova**.

A **semana será maiormente seca en España**, aínda que se darán precipitacións no Cantábrico oriental, as Illas Baleares, o Pireneo e algunhas áreas do Mediterráneo. **O luns e o martes** espéranse choivas no **norte de Baleares, Cantábrico, Galicia e Pireneos**. Serán **precipitacións débiles e maiormente orográficas**, sen treboadas asociadas. Con todo, (...) **habrá que estar pendentes da traxectoria final da DANA** que chegará dende o Atlántico para ver finalmente a que zonas acabará afectando.

As temperaturas descenderán en todo o país e **as mínimas caerán por debaixo dos 10 °C na meseta norte, o interior de Galicia e zonas de montaña**. Nos cumios do Pireneo rexistraranse xeadas, con valores entre 0 e -2 °C. Conforme avance a semana, as temperaturas seguirán baixando, con mínimas inferiores a 10 °C en gran parte do interior norte peninsular e por debaixo de 5-6 °C na meseta norte. As xeadas estenderanse no Pireneo, os Sistemas Central e Ibérico, e a Cordilleira Cantábrica, onde no **Pireneo poderían acadarse temperaturas de -4 °C ou incluso inferiores a -6 °C**.

(Fonte: Sandra Ordóñez, El Debate **8/09/2024**, adaptado)

No texto aparecen distintas **situacións metereolóxicas**, defina de que se tratan e **explique os factores xeográficos e termodinámicos** que inflúen en cada unha de elas e como afectan e por que o fan de xeito diferentes nas **distintas áreas de España**.(2,5 puntos)